



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
AM/2023/4	Asamblea Mancomunidad

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria: Constitución Mancomunidad e elección Presidente
Data	28/07/2023
Duración	Desde as 13:40 ata as 13:58 horas
Lugar	Salón de Sesiós do Concello de Verín
Presidida por	José Luis Suárez Martínez
Secretario	Santiago Lorenzo Taboada

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
76710362A	Ana María Villarino Pardo	SÍ
76722242S	Diego Lourenzo Moura	SÍ
34729403R	Eligio Gil Sanmamed	SÍ
34974153P	Felisindo Dapía Medeiros	SÍ
34725555V	Gerardo Seoane Fidalgo	SÍ
34949717K	José Ramón Barreal Novo	SÍ
34947330A	Sergio Boo López	SÍ
34968041Z	José Luís Suárez Martínez	SÍ
76710947J	Luciano Rivero Cuquejo	SÍ
44467106X	Eva M. ^a Pérez Gamote	SÍ
34728608B	María Rosa González Rivero	SÍ





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

44452800X	María del Mar Valle Alvarez	SÍ
76733005Z	Tamara Balboa García	SÍ
34720275G	Vicente Gómez García	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na ORDE DO DIA:

CONSTITUCION MANCOMUNIDADE E ELECCIÓN DO TITULAR DA PRESIDENCIA

En cumprimento do que establece o art 8 dos estatutos da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, reúnen as persoas que se relacionaron, todos eles Alcaldes ou concelleiros dos Concellos que integran a Mancomunidad, e nomeados representantes dos devanditos Concellos nesta entidade segundo consta en certificacións dos secretarios dos respectivos Concellos, e que tiveron entrada no Rexistro xeral da Mancomunidad.

O obxecto da presente sesión é constituir a Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín e elixir ao seu Presidente; para o que se fan as seguintes actuacións:

FORMACION DA MESA DE IDADE:

Intégrase por D. Vicente Gómez García e por D. Diego Lourenzo Moura representantes de maior e menor idade, respectivamente, pasando o primeiro a presidir a devandita mesa por ser o de maior idade, formando parte dela o segundo como representante de menor idade; e prometendo os dous, previamente, cumprir con fidelidade as obrigas de membros da Asamblea Comarcal da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, con lealdade a El-Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado (engandindo o Sr. Lourenzo Moura que o fai por imperativo legal). Como secretario da mesa de idade actúa o da Mancomunidad Santiago de Lorenzo Taboada.

De seguido, e logo de chamamento individualizado que efectúa o Secretario da Corporación a todos e cada un dos representantes na Asemblea; xuran os Sres. Gerardo Seoane Fidalgo, Eligio Gil Sanmamed, Luciano Rivero Cuquejo, José Ramón Barreal Novo, Sergio Boo López; e prometen os restantes, cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de membros da Asamblea Comarcal da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín con lealdade a El-Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

norma fundamental do Estado.

Neste momento o Sr. Presidente da Mesa de Idade declara constituída a nova Corporación.

En cumprimento do que dispón o artigo 36.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Sr. interventor le os resultados das operacións de arqueo e actualización dos xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados en entidades bancarias, nos seguintes termos:

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA Nº 07/2023 DO 01/07/2023 O 27/07/2023.

Existencias iniciais: 255.874,95 euros

Cobramentos que se realizaron: 182.129,07 euros

SUMA: 438.004,02 euros

Pagamentos que se realizaron: 230.421,52 euros

Existencias finais o 27/07/2023: 207.582,50 euros

O interventor informa que a documentación que se refire ó estado de contas e patrimonial queda ó dispor dos Srs. membros da Asamblea Comarcal.

ELECCION DO PRESIDENTE:

Logo de que o Secretario faga unha reseña do artigo 8 dos estatutos da Mancomunidad, segundo o que poden ser candidatos á Presidencia da Mancomunidad tódolos Alcaldes dos Concellos que a integran, pola mesa solicítase a presentación de candidatos.

Toma a palabra o Sr. alcalde do Concello de Monterrei, D. José Luis Suárez Martínez, propóndose como candidato á Presidencia. Non se propuxo ningún outro candidato á Presidencia.

Seguidamente, por **doce** votos a favor (de Vicente Gómez García, M^a Mar Valle Alvarez, Luciano Rivero Cuquejo, Eligio Sanmamed Gil, José Luis Suárez Martínez, M^a Rosa González Rivero, Ana María Villarino Pardo, Felisindo Dapía Medeiros, José Ramón Barreal Novo, Sergio Boo López, Eva M.^a Pérez Gamote e Tamara Balboa García; ningún en contra e **duas** abstencións (Srs. Seoane Fidalgo e Lourenzo Moura), dos catorce membros presentes e que legalmente compoñen a Asamblea da Mancomunidad; o que representa a maioría absoluta do número legal de membros que forman a corporación, é elixido Presidente da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín o Sr. José Luis Suárez Martínez.





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

De seguido, formulouse ó elixido a seguinte pregunta: "D. José Luis Suárez Martínez, ¿xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir con fidelidade coas obrigas do cargo de Presidente da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, con lealdade a El-Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?".

D. José Luis Suárez Martínez contestou:- Sí, prometo.

A continuación, pasou a presidir a Asamblea da Mancomunidad.

Toma a palabra para facer a seguinte intervención:

*"As miñas primeiras palabras como presidente da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, non poden ser outras que de **agradecemento** pola **confianza** que se deposita en mín para desempeñar este posto.*

*Asumo por **terceira vez** esta responsabilidade e fágoo con **máis ilusión** aínda se cabe que o fixen en **2015** e en **2019**.*

*En segundo lugar, quero saudar e **dar á benvida aos novos representantes** dos Concellos na Asamblea da Mancomunidad: **alcaldesa e Tenente de alcalde** de **Vilardevos: Eva Pérez Gamote e Tamara Balboa García**; e ao Concelleiro de Laza: **Sergio Boo López**. Aos que xa formaron parte da anterior corporación, benvidos de novo. **A todos, gracias.***

*Creo nas potencialidades da Mancomunidad de Verín e quero que a **colaboración** e o **consenso** sigan a ser a base sobre a que se sustenta esta **entidade prestadora de servizos** aos concellos que a integran e en consecuencia, aos veciños que viven neles.*

*Como exemplo da importancia da colaboración e o consenso, en decembro do ano pasado o Concello de Verín precisou dos restantes concellos da Mancomunidad para poder concorrir a un ambicioso proxecto financiado con fondos Next generation e vencellado a temas do ciclo da auga. Pois ben, o requisito para presentar o proxecto era que afectase a unha **poboación de 20.000 habitantes**, que Verín non ten. E ahí entrou en xogo a **colaboración**. Os restantes concellos non dudamos en apoiar o proxecto sumando as poboacións para poder concorrir a esta importantísima subvención.*

Ese é o camiño, a unión para optimizar servizos que illadamente poden ser inasumibles por cada concello, pero que mancomunadamente pódense prestar con custos razoables.

*O **consenso** preside a inmensa maioría das veces os acordos desta entidade, o que é lóxico dado que sempre temos actuado con estritos criterios de prestación de servizos e*





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

de apoio entre todos os membros da Mancomunidad.

Hai 37 anos que se constituíu a nosa Mancomunidad, trala entrada en vigor da Lei de Bases de Réxime Local. Aquela entón nova institución naceu como medio de mellorar a prestación de servizos ós vecinos, e de abaratar os custos ós Concellos.

Comenzamos mancomunando os servizos sociais; a recadación e a recollida de lixo, entre moitos outros servizos que hoxe prestamos.

*A clave da nosa pervivencia non é outra que a que dixen ó principio, **consenso** e **unanimidade** apoiados no principio de igualdade, entendendo a Mancomunidad únicamente dende o punto de vista de xestión de servizos públicos.*

A día de hoxe prestamos os seguintes servizos:

- Servizos Sociais básicos.*
- Servizo de atención temperá.*
- Recaudación voluntaria e executiva.*
- Recollida de lixo.*
- Servizo de limpeza de vías municipais con dous tractores desbrozadora.*
- Servizo de orientación laboral.*
- Servizo de impartición de cursos AFD, cun centro de formación dende 1.991.*
- Servizo de fomento do emprego.*
- Servizo de punto limpio.*
- Servizo de control da Praga da vespa velutina.*
- Convenio anual coa Cruz Vermella.*
- CIM, Centro de información da muller.*
- Obradoiros de emprego.*

Esto é so un resumo dos servizos que vimos prestando, pero hai moitos máis temas nos que se pode traballar e nos que temos que seguir avanzando, como limpeza viaria, o ciclo da auga, o medioambiente, ríos, turismo, prevención de incendios forestais, e un longo etcétera.

*Nada de todo isto sería posible sen o **equipo de máis de vinte profesionais que traballan na Mancomunidad**, así como dos **funcionarios de habilitación nacional** que desenvolven as funcións reservadas a este corpo sempre dispostos a asesorar e apoiar aos concellos que carecen de secretarios-interventores de carreira. Gracias tamén a eles polo seu esforzo e adicación.*

*Tamén temos contado e seguiremos contando có decidido **apoio da Deputación***





Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

provincial de Ourense e da Xunta de Galicia para financiar total ou parcialmente os diferentes servizos desta Mancomunidad. Pénsese, como exemplo, que o vindeiro luns recibiremos da Xunta un tractor desbrozador totalmente novo e que será a **Deputación** quen o traslade desde Santiago ata Verín.

Remato reiterando: menos política e mais xestión entre todos, que nos permita ter unha Mancomunidad con futuro e seguro que así será, moitas gracias a todos."

Seguidamente, manifestou que o Cargo de Vicepresidente primeiro da Mancomunidad vai a corresponder ó Alcalde do Concello de Castrelo do Val, D. Vicente Gómez García, como reflexo desa idea de que o consenso e o acordo deben rexer sempre na Mancomunidad.

O Sr. Vicente Gómez García acepta o posto para o que e nomeado pola Asamblea e pídelle o Presidente mais debate e información sobre os proxectos e servizos que se plantexen para a Mancomunidad.

O Sr. Presidente respóstalle que así será.

Non sendo outro o obxecto desta sesión, o Presidente levanta a sesión a hora recollida no encabezamento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

